

Propostas para o que queda de semana

Bo día familias!


Hoxe imos propoñervos unhas actividades para os próximos 3 días, con estas actividades podemos repasar o traballado no trimestre e reforzar ditos contidos.

Como traballamos de xeito global estamos sempre traballando os mesmos contidos, aumentando á dificultade nas tarefas, pero non están perdendo nada, non vos preocupedes!. Están aprendendo un montón de cousas que a rutina e o estrés diario, non nos permitirían ensinarlles e sobre todo estamos desfrutando en familia e da familia. Estamos aprendendo a vivir de novo e a valorar o que realmente importa. Estas aprendizaxes son dun valor único, parabéns por ser tan bos mestres e mestras.

Agora imos coas **tarefas**:

- **Xogamos co papel do wc**: seguro que todos temos na casa este recurso e con el imos facer unha tira numérica. Podemos pintar con rotulador e moito coidado, os números en orde (mínimo ata 10)...na aula contamos ata 30!. Despois de debuxar os números, estiramos o papel despaciño para non romper a tira e imos camiñar o ladiño contando e cantando número a número.

A continuación teñen que cortar pliegue a pliegue os números con moito coidado, terán que xogar a ordenar. Primeiro do 1 ao 10 (remexer e ordenar) e así ata o número que quixeran contar ou queiran parar por cansazo.



- **Entrenamos a nosa atención:** adxunto un documento para buscar imaxes e traballar a atención. Podemos xogar sen imprimir, solo necesitamos mirar! A continuación teñen que escribir en maiúscula nunha folliña os animais que tivemos que buscar (DINOSAURIO, GATO, ELEFANTE) axudádelles a que eles escriban solos apoiando co son da palabra despaciño(pronunciando moito cada letra) e despois eles soliños que o debuxen. Podedes dividir esta tarefa en 2 momentos.
- **Benvida primavera:** imos ver este enlace <https://www.youtube.com/watch?v=ta980wQgIKA>

A continuación temos 2 tarefas:

1. buscar as letras da palabra primavera na prensa e pegalas no centro dunha folla, imos facer un CARTEL!!!
2. imos decorar o resto do cartel pintando bolboretas, paxariños e flores de cores, sen pintar as letriñas
3. completar o noso cartel con as "flores máxicas" que nos vai ensinar a facer a profe no vídeo que vos envío.

Esta tarefa tamén a podedes dividir e recordade só imos repasar e disfrutar facendo cousiñas xuntos, se non tedes tempo, adaptalas ás vosas circunstancias.

Moitos bicos!